

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 20 DE XULLO DE 2011

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte de xullo deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventora Xeral Municipal accidental, dona Elva Anido Anido, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 13 de xullo de 2011.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE.- Acórdase conceder as seguintes licenzas: para a instalación e apertura dunha exposición e venda de automóbiles na avenida Benigno Rivera, número 53; para a instalación, apertura e funcionamento dunha balsa de almacenamento de xurro de corte existente en Argonde, número 2, San Xoán do Campo; e para a instalación e apertura da actividade de alugamento e venda de vehículos, con servizo de taller de mecánica, electricidade, carrozaría e pinturas na avenida Benigno Rivera, número 70.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase conceder a licenza para parcelamento da parcela matriz sita no núcleo rural tradicional de Castro Alfonsín, parroquia de Santiago de Saa.

Tamén se acorda conceder as seguintes licenzas: para demolición da edificación sita en solo urbano, na avenida Carlos Azcárraga, número 48; para instalación de ascensor en edificio existente con redución da superficie das vivendas existentes, en solo urbano na rúa San Froilán, número 15; para a construción dunha vivenda unifamiliar illada que se vai situar na rúa Bustelo, número 8, parcela 13, rueiro 7, sector sur B, Areeiras-Louzaneta, polígono 1; para reforma interior de vivenda unifamiliar en ringleira con licenza número 142/69 con modificación da pendente da cuberta e aproveitamento do espazo baixo cuberta, sendo a localización da obra en solo urbano, rúa Mariscal Pardo de Cela, número 12; para cubrición parcial na terraza posterior da vivenda unifamiliar existente, sita en solo urbano, rúa Pontevedra, número 13; para legalización de forxado de entresollado no edificio con licenzas 1/92, 366/93, sito en solo urbano, na avenida Coruña, número 475; e para

legalización de entresollado e adecuación de local para dúas oficinas, no edificio sito na rúa Rafael de Vega, número 5.

3. PLANEAMENTO.- Acórdase aprobar inicialmente o estudo de detalle formulado para a ordenación de volumes da parcela “R” do parque empresarial “As Gándaras”.

Acórdase a interposición de recurso de alzada ante o Conselleiro de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia contra a resolución ditada polo Xefe Territorial de Lugo desa Consellería, co visto e prace do Director Xeral de Patrimonio Cultural, do 15 de xuño de 2011, notificado a este Concello con data 20 de xuño de 2011, polo que se denega a autorización ao “Proxecto de urbanización da unidade de actuación centro sur número 5” do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lugo.

4. XESTIÓN.- Acórdase declarar a situación de ruína urbanística do inmobile número 110 da estrada da Coruña.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

5. PERSOAL.- Acórdase a modificación do cadro de persoal eventual da Corporación municipal 2011.

Acórdase a aprobación das bases e convocatoria de proceso selectivo para a cobertura temporal dun axente TIC con base no protocolo de adhesión á rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica da Xunta de Galicia (Rede CeMIT) entre a Xunta de Galicia e o Concello de Lugo.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

6. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase prorrogar o prazo de execución da obra de restauración e valorización da piscina romana na praza de Santa María (Proxecto 09UR3102) cofinanciado cun 70% pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Urban.

Lugo, 20 de xullo de 2011
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García